[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **14 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Gonzalo Trenor López
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)
Rubén Lorenzo Gómez
Paula Mouzo Mas
(en substitución de Angel Rodríguez Carrera)
María Felisa Rodríguez Carrera
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas
Iago Suárez Fernández
(en substitución de José Manuel Golpe Acuña)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Planificación Enerxética e Minas
Directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE
Directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Preguntas:

1.1 16353 (12/POC-002671)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre as accións que pensa poñer en marcha a Xunta de Galicia logo de constatar o reinicio das obras para a extracción de lousa en Montefurado, no concello de Quiroga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f3, do 16.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Suárez Fernández, Iago (BNG)**, quen expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila.**

En rolda de réplica o **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo señor director xeral.

O **director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila,** pecha o debate desta iniciativa ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 16379 (12/POC-002676)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego no referido á posta en marcha das liñas de subvencións públicas correspondentes ao Fondo de Transición Xusta destinadas ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e das Pontes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f3, do 16.01.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En nome da Xunta de Galicia contéstalle a **directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE (Consellería de Economía e Industria), Covadonga Toca Carús.**

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** solicita aclaración sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a directora na súa resposta, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **directora do Instituto Galego de Promoción Económica-IGAPE, Covadonga Toca Carús,** ampliando a información solicitada pola señora Castro Rey na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza da señora Toca Carús nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.3 18809 (12/POC-003146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 2 máis
Sobre a valoración xeral que fai a Xunta de Galicia do proxecto da liña de alta tensión Bustelo-Meirama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f3, do 06.02.2025

O **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Paula Uría Traba.**

Na rolda de réplica o **señor Pérez López, José Daniel (BNG)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola señora Uría Traba e incide na importancia dalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría Traba,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a presenza da señora Uría Traba nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:00 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.04.21 12:30:18 +02'00'

V. é pr.

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2025.04.21 11:17:58 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión